




Área / Unidad EDUCACION ED0000 SRL	Documento 23617I018J	
Código de verificación  156L 1X0D 6M0I 682K 19YE	Expediente 236/2023/148	
	Fecha 25-05-2023	

Asunto BASES SELECCION ALUMNADO	Interesado
------------------------------------	------------

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DA ESCOLA DE ARTE E DISEÑO PABLO PICASSO PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MACO (MÁLAGA/CORUÑA).

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a selección do alumnado dos distintos cursos de da Escola de Arte de Deseño Pablo Picasso de cara a súa participación no programa MACO. O programa persegue como finalidade compartir experiencias ca escola de de arte de San Telmo en Málaga co gaio de "hermanar" ambas escolas Superiores de Deseño en torno a figura de Picasso no ano do 50 aniversario da súa norte e por seres ambas cidades unha referencia na súa biografía artística.

2. DESCRICIÓN

O programa educativo MACO nace coa vocación de afondar na traxectoria persoal e artística de Picasso a través da colaboración das Escolas de Artes Superiores de Deseño da Coruña e Málaga. Persegue por en valor o papel da formación no período académico e a influencia das vivencias nas dúas cidades (Málaga e A Coruña) na súa obra.

O programa desenvolverase na escola de San Telmo en Málaga durante un período de 4 días durante o mes de novembro do 2023. Ao longo destes días desenvolveranse actividades (obradoiros e rutas) relacionadas con Picasso segundo o seguinte plan de traballo

Plan de traballo*

Sede EASD San Telmo - Málaga			
Día 1	Día 2	Día 3	Día 4
Mañá	Mañá	Mañá	Mañá
Desprazamento A Coruña→ Málaga	10 - 14h: Taller (1ª sesión)	10-12h: Taller (3ª sesión) 12:30h: Ruta Picasso	Libre
	Mediodía	Mediodía	Mediodía
	Libre	Libre	Libre
Tarde	Tarde	Tarde	Tarde
16h: Benvida 16.30h: Presentación oficial	16-18 h: Taller (2ª sesión)	Libre	Despraza mento Málaga→ A Coruña.

* *Datas e horarios estimativos, pendentes de confirmar dispoñibilidade coa axencia de viaxes.*



O programa inclúe a financiación, por parte do Concello, dos seguintes servizos para o alumnado seleccionado e 4 profesores acompañantes:

- a) Desprazamentos de ida e volta Coruña-Málaga
- b) Aloxamento hoteleiro en habitación dobre con media pensión (almorzo e cea).
- c) Seguro de viaxe e de responsabilidade civil
- d) Material para o desenvolvemento dos obradoiros (aportado pola escola).

3. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

A selección do alumnado será realizada polo Concello en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os requisitos e criterios de valoración dos proxectos fixados nestas bases.

O procedemento para a selección do alumnado iniciarase de oficio mediante correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello que será publicada no taboleiro de edictos da escola Pablo Picasso e na páxina web do concello (www.coruna.gal/educación). Será tamén neste lugares onde se realizarán as comunicacións aos participantes, sendo responsabilidade destes a súa consulta para obter a información relativa a: prazos de presentación de proxectos, listaxes de seleccionados e xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

4. NUMERO DE PRAZAS OFERTADAS

Ofertaranse un máximo de 16 prazas para participantes, sendo acompañados por 4 profesores das distintas materias.

5. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- ✓ Estar matriculado na Escola de Arte e Superior de deseño Pablo Picasso nalgunha das seguintes especialidades académicas no curso 2023-2024:
 - EEAASS Deseño gráfico
 - EEAASS Deseño de interiores
 - EEAAPP Dourado, prateado e policromía
 - EEAAPP Escultura aplicada ao espectáculo
 - EEAAPP Fotografía
 - EEAAPP Ilustración
 - EEAAPP Taller de cerámica
 - EEAAPP Taller de madeira
- ✓ Presentar, xunto ca solicitude, unha proposta de proxecto (en fase borrador ou ideación) baseada na reinterpretación dunha obra de Pablo Picasso na que o alumnado deberá plasmar unha nova visión desta co obxectivo de reproducila nos talleres de serigrafía da EASD San Telmo. A extensión desta proposta non excederá de 10 páxinas e deberá incluír:
 - Portada: Nome do programa, nome e apelidos do autor/a, dirección de correo electrónico e especialidade formativa na que está matriculado/a.
 - Xustificación da proposta: idea ou esbozo da proposta que comprenda unha explicación xustificativa do traballo que se vai desenvolver, cun acompañamento visual mínimo para que se poida apreciar o mellor posible a proposta presentada.

A presentación das solicitudes a demais documentación requirida deberá presentarse nun rexistro do Concello da Coruña, dirixido ao Servicio Municipal de Educación do Concello da Coruña co epígrafe "participación no programa MACO" Non serán tidas en



conta aquelas solicitudes que non se acompañen da documentación requirida no prazo establecido para a súa presentación.

6. CALENDARIZACIÓN DO PROCEDEMENTO

Fase 1: Difusión do programa: do 11 ao 15 de setembro do 2023.

Fase 2: Presentación de solicitudes e proposta de proxecto no Concello: do 18 ao 29 de setembro do 2023.

Fase 3: Selección de participantes: do 2 ao 6 de outubro do 2023.

Fase 4: comunicación dos seleccionados: do 9 ao 11 de outubro do 2023.

Fase 5: Estimación da viaxe e desenvolvemento do programa: do 6 ao 9 de novembro do 2023.

7. PLAN DE DIFUSIÓN E DEREITO DE IMAXE

A difusión do desenvolvemento deste programa realízase a través de medios propios e externos. Entre os medios propios que se empregarán figuran a comunicación en redes sociais, páxina web do Concello e da Escola e a realización de presentación. As obras seleccionadas amosaranse nunha exposición.

Con propósito de acadar difusión e impacto en medios de comunicación xeralistas e especializados, enviaranse notas de prensa e invitacións institucionais.

As persoas participantes no programa aceptan que a súa imaxe, así como o das obras producidas sexan reproducidas nos devanditos medios.

8. COMISION DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

Ca finalidade de valorar as propostas dos proxectos presentados, de conformidade con criterios de avaliación sinalados nas presentes bases, constituirase unha comisión de avaliación constituída polos seguintes membros:

- ✓ 2 Técnicos de Educación do Concello da Coruña
- ✓ 1 representante do Equipo Directivo da Escola Pablo Picasso
- ✓ 2 xefaturas de Departamento da Escola das especialidades dos participantes.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para a valoración das propostas presentadas, teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Orixinalidade, creatividade e motivación da proposta: ate 7 puntos.

Valorarase a incorporación ao proxecto das tendencias estéticas e culturais con criterios de significación; o manexo de recursos expresivos e comunicativos propios das artes plásticas e do deseño na formulación de propostas creativas; a procura da excelencia e calidade na súa obra e a formulación razoada e crítica de ideas e argumentos.

2. Viabilidade técnica da proposta: ate 3 puntos

Valorarase a compilación de información significativa e sintetizada; o manexo da metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables; o amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental e a posibilidade de reprodución polos medios e canles previstos



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

A puntuación será o resultado das medidas de cualificación de cada unha das persoas integrantes da Comisión de Valoración e determinará a adxudicación das prazas en función da orde de puntuación.

O resultado da avaliación será publicado nos lugares onde foi publicada a convocatoria e será comunicado individualmente por correo electrónico as persoas seleccionadas. De causares algunha baixa será chamado o seguinte en función da puntuación obtida e por rigoroso orde desta.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas seleccionadas quedarán obrigadas a:

- ✓ Asistir e realizar as actividades de cara ao desenvolvemento do seu proxecto consonte as indicacións facilitadas pola coordinación do programa.
- ✓ Ceder a reprodución das súas obras.

O feito de presentar a solicitude implica a aceptación do contido destas bases.

11. SELECCIÓN DO PROFESORADO PARTICIPANTE

O alumnado acudirá a Málaga acompañado dun máximo de 4 docentes. A selección dos docentes queda a criterio da Escola, debendo ter prioridade, en todo caso, os docentes das especialidades formativas que curse o alumnado seleccionado.

A Coruña en data de sinatura electrónica

O concelleiro responsable de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego.